

# POR UNHA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CALIDADE EN PONTEAREAS

Logo das últimas comunicacións recibidas por parte da dirección da Escola Infantil Municipal, dependente da área de Benestar Social (¿¿?) do Concello de Ponteareas, todas estas comunicacións vía telefónica, varias nais e pais, esiximos o seguinte:

1.- MANTENIMENTO DA AULA MATINAL. Certo que estamos nunha situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia provocada pola COVID-19, mais non todo pode ser modificado sen consulta, sen comunicación e unilateralmente. Así, nenas e nenos que levaban dous cursos entrando a primeira hora da mañá no centro (a partir das 07:30h) pasan agora a entrar logo das 09:30h ou máis alá das 10h, cando antes era o límite horario de entrada.

2.- COMUNICACIÓN OFICIAL E POR ESCRITO da denegación dos horarios solicitados. En xullo, no prazo indicado polo centro, solicitouse a renovación da praza, para os nenos e nenas xa matriculadas co horario que se empregaría. A día de hoxe esta renovación/solicitud non foi denegada. De feito, no parece lóxico, comunicar a finais de agosto e comezos de setembro os cambios horarios, cando xa non é posible ou moi difícil buscar alternativas, noutros centros ou coa familia.

3.- COMUNICACIÓN OFICIAL E POR ESCRITO DO PROTOCOLO A EMPREGAR POLO CENTRO, ASINADO POLA PERSOA/S RESPONSABLE/S. A día de hoxe descoñecemos o protocolo que rexerá o funcionamento do centro. Só se nos remitiu, no mellor dos casos, o protocolo da Xunta, de data descoñecida e un resumo deste mesmo protocolo, por se non soubésemos ler, resumo no que hai contradicións, por exemplo, en relación á temperatura máxima que impide a entrada ao centro (aludindo nun parágrafo a 37.5º e noutro a 37º)

4.- ACLARACIÓN DO PROFESORADO DE APOIO. Se a educadora ou educador dunha aula ten que ausentarse, por exemplo, sen ser nada raro, para ir ao baño, hai un educador de apoio exclusivo para a aula? Porque, en caso contrario, esas aulas burbullas xa non serían tales.

5.- SAÍDAS AO PATIO EXTERIOR. Se estamos escoitando, e podemos ler no protocolo da Xunta remitido (do do Concello non sabemos nada) que debemos evitar estar en espazos pequenos e pechados, por que non se pode saír, diariamente ao parque do centro?

6.- ACLARACIÓN SOBRE O INICIO DO CURSO PARA O GRUPO DE 0-1 ANOS. A día de hoxe non se sabe cando comezarán...pero imos sabelo algún día? Polo menos para organizarnos?

7.- POSTA EN MARCHA DUN PROCESO DE ADAPTACIÓN URGENTE PARA POSIBILITAR QUE O CENTRO NON PECHE NUNCA. Evitar, a partir deste curso, que o centro peche a partir de xullo polas tardes, e en agosto todo o mes. Non parece lóxico que un servizo público como este, que pretende facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, peche dous meses ao ano.

8.- AUMENTO DA PLANTILLA DE PERSOAL. Desde aquí manifestamos todo o noso apoio ao persoal do centro, pero, ante a necesidade clara de contar con máis traballadoras e

traballadores, solicitaremos un aumento da plantilla. Se o problema é que falta xente, non hai problema, hai falta de vontade política. Para políticas sociais e de conciliación sempre ten que haber cartos. Se o problema é que se precisa máis persoal de limpeza, tampouco hai problema, que se contrate!

9.- ADAPTACIÓN DOUTROS ESPAZOS MUNICIPAIS SE FOSE PRECISO, OU ALUGUER DE ESPAZOS. Se estamos ante un problema de espazo, por que non facer aulas provisionais noutros espazos? Se non hai espazos municipais adaptados, que se aluguen ou compren. Pero isto, non se puido pensar xa en xullo?

Nós, pais e nais, queremos que as nosas crianzas estén no mellor dos lugares, nun espazo público e de calidade, con persoal suficiente, con recursos suficientes e con acceso ao exterior diariamente. Algo que parece lóxico.

Ponteareas, 10 de setembro do 2020